O PASO DE PRIMARIA A SECUNDARIA

A E.S.O

A Ensinanza Secundaria Obrigatoria consta de catro curso académicos. Superados estes obtense o Título de Graduado en Secundaria

Saídas co Título de Graduado:

- Bacharelato
- Ciclos Formativos de FP de Grado Medio.

Finalidade:

Adquirir os obxectivos e competencias clave propias da etapa reguladas no respectivo Currículo.

Unha nova etapa: diferenzas con E.Primaria

Novas Materias

En 1º de ESO: Bioloxía e Xeoloxía; Historia e Xeografía; Educación Plástica e Audiovisual; 2º lingua estranxeira: Francés ou Portugués; Tecnoloxía (novidade)

En 2º de ESO: Física e Química

Máis horas de clase

Unha hora de titoría presencial

▪Avaliación final en xuño. (novidade)

Repeticións

Pódese repetir 2 veces como máximo no ensino obrigatorio (novidade)

Materias que se imparten en 1º ESO

- Lingua Galega e Lit. (3 horas)
- Lingua Castelá e Lit. (3 horas)
- 1ªLingua Estranxeira: inglés (3horas)
- 2ª Lingua Estranxeira: francés ou portugués (2 horas) ou Reforzo con Exención da segunda lingua.

- Xeografía e Historia (3 horas)
- Bioloxía e Xeoloxía (3horas)
- Educación física (2horas)
- Educación Plástica e audiovisual (2 horas)
- Matemáticas (4 horas) En 4º de ESO escoller A ou B

- Tecnoloxía e dixitalización (3horas)
- Educación en valores Cívicos e Éticos (só se impartirá en 3º de ESO para todo o alumnado)
- Relixión ou Proxecto Competencial (1 hora)
- 2 horas a disposición do Centro

Programa de Reforzo

Organízase un Programa de Reforzo en Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas, para os alumnos-as que o requiran en virtude do informe final de Educación Primaria ou por ser avaliados negativamente en Lingua Castelá, Lingua Galega ou Matemáticas.

O alumnado que asista a estes programas quedará EXENTO da materia de segunda lingua estranxeira (Francés ou Portugués)

O equipo docente de 1º curso poderá propoñer a incorporación de alumnado a dito programa.

Promoción

Se promocionará dun curso a outro o alumnado que superase TODAS as materias cursadas ou teña avaliación negativa NUNHA ou DÚAS materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente PODERÁ DECIDIR a promoción dunha alumna ou dun alumno, SEMPRE que se cumpran tamén TODAS as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico **sexa igual ou superior a cinco.**

b) Que o peso das materias de avaliación negativa non sumen máis de 10 horas semanais. Non contan as pendentes.

c) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte, polo que terá que ter adquiridas a maioría das competencias claves

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

HORARIO DO CENTRO

De 9:30 ás 15:00 horas.

De luns a venres.

E os luns tamén hai clases pola tarde: de 17 ata ás 18:40h

(Hai servizo de comedor)

Un recreo: de 12:00 a 12:30h

Actividades Complementarias e Extraescolares

Asistencia a actividades de teatro, cine, museos, exposicións...
Saídas e visitas a centros de interese: centros docentes e laborais...
Festivais: Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas, Fin de Curso.
Excursións: fin de etapa dos alumnos e alumnas de 4º, alumnado de 3º a Francia, entre outras..
Concursos: literarios, artísticos
Charlas e obradoiros
Radio Turonio
Revista escolar Super Turonio.
Grupo IDeAS (organizan actividades relacionadas coa igualdade entre homes e mulleres e a diversidade afectivo sexual)

Programas que se desenvolven

PROGRAMA E-DIXGAL (uso de novas tecnoloxías onde cada alumno/ ten un ordenador, libros dixitais, taquillas nas aulas...

CLUB DE LECTURA A través do proxecto de Biblioturonio se realizan actividades para fomentar a lectura.

PLURILINGÜE onde as materias de Educación Plástica en 1º e 3º ; Música en 2º; e no 4ºcurso, E. Artística e Educación dixital (optativas), serán impartidas en inglés

DEPOEMPRENDE NA ESO E NA FP, PLAN PROXECTA, INTERCAMBIO CON FRANCIA, SPRINGWEEK; PROA +

Relación Familia-Escola

- Reunión Inicial de curso coas familias e o titor-a de cada curso.

- Hora semanal de atención ás familias por parte do titor-a de cada un dos profesores-as, previa cita
  Preferentemente haberá que notificalo por Abalar

- Asociación de Pais e Nais de alumnos no Centro (ANPA), que está presente no Consello Escolar e que colabora na boa marcha do Centro así como, na realización de actividades extraescolares.

- A Xefatura de Estudos, O Departamento de Orientación, A Secretaria, a Directora, os Xefes dos Departamento, etc, tamén está a disposición mediante cita previa.

- Comunicación por ABALAR
- Programa Alerta escolar

Normas de convivencia

Orientacións

- O Facer un horario de estudo e poñelo nun lugar visible.
- Co horario diante facer a mochila o día anterior para que non lle falte ningún material. Ordenador cargado e revisado.
- Asegúrense que os seus fillos almorzan ben antes de vir ao instituto
- Comprobar que durmen as horas necesarias, entre 8 a 10 horas. Vixiar as horas de T.V ou móbiles pola noite.
- Axudar aos seus fillos a crear hábitos de estudo adecuados planificando tempos de estudo entre 1h e media e 2 todos os días.
- Adecuar un sitio de estudo, sempre será o mesmo
- Supervisar o uso da axenda, aula virtual, E-dixgal. Calendario E-dixgal: datas de exames e entregas traballos.
- Supervisar o tempo e uso do móbil e das redes sociais. Vixiar o tempo e contidos dos vídeoxogos.

A qué edad puede tener un menor Whatsapp/Line/Telegram?

Claves:

- Uso de xeito gradual. Acordar previamente normas e límtes de uso

- Explicar os beneficios e os riscos.

- Supervisar e acompañar (non tanto prohibir)
- Que hai que supervisar?
- O tempo e uso do móbil. Existen controis parentais que o bloquean. Fóra da habitación polas noites
- Os contidos nas redes sociais (polo menos ata os 14 anos)

- Cumprir as idades recomendables para os vídeosxogos e as idades mínimas para altas nas redes: WhatsApp (16 anos); Instagram (13 anos), TikTok (16 anos)

- Perigos máis comunes nos adolescentes: ciberacoso; sexting; groming

Benvidos e benvidas ao IES Terra Turonio

Grazas pola vosa atención